



Concello do Grove

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE Nº: 1397/2019

ASUNTO: Contratación de 3 Mantedores de edificios- Conserxes para CEIP´s.

ANTECEDENTES

O 12/08/2019 apróbanse mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0742 as bases que rexen a selección temporal de 3 Mantedores de edificios- Conserxes para os CEIP´s do municipio, resolvendo remitir solicitude de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

O 16/08/2019 o Servizo Público de Emprego remite unha relación de 15 candidatos/as a través da oferta 12-2019-9926 na que se lles convoca a presentar a documentación pertinente para participar no proceso con data fin o 23/08/2019 ás 13.00 horas.

Rematado o prazo de presentación de documentación para a participación no proceso selectivo, o 26/08/2019 apróbase mediante Decreto de Alcaldía nº 2019-0762 a relación definitiva de admitidos (11 candidatos/as), noméase ao Tribunal e convócanse aos/ás aspirantes a realizar a proba práctica da fase de oposición o 29/08/2019.

O 29/08/2019 realizan a proba práctica, sendo superada por 4 dos 11 aspirantes. O Tribunal verifica que ditos aspirantes non posúen a acreditación do idioma galego polo que se convocan para facer a proba de galego da fase de oposición o día 04/09/2019.

Recibidos os informes de cualificación da proba de galego na que os 4 candidatos obteñen a cualificación de apto, o 05/09/2019 réunese novamente o Tribunal cualificador para proceder á cualificación definitiva dos méritos alegados, proponendo aos aspirantes a contratar para cada posto e a lista de reserva.

Visto o informe n.º 2019-0169, de fiscalización da intervención municipal.

Dada conta de canto antecede, e segundo as competencias que me atribúe o artigo 21.1. letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Proceder a contratación dos seguintes candidatos:

-MANUEL GONZÁLEZ BEA como Mantedor de edificios- Conserxe CEIP Commenio.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 64TTEPR7A6C6ZJXZA9PREG3E9 | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello do Grove

-JOSÉ TORRES CHAN como Mantedor de edificios- Conserxe CEIP Rosalía de Castro.

-FRANCISCO JOSÉ PÉREZ FRANCO como Mantedor de edificios- Conserxe CEIP As Bizocas.

SEGUNDO. Proceder á formalización do contrato de traballo na modalidade acumulación de tarefas, segundo a regulación contida no Artigo 15.1 apartado b) do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. a tempo completo, con un período de duración de seis meses.

TERCEIRO. Comunicar aos interesados/as que a súa incorporación ao posto de traballo será con data 09/09/2019.

CUARTO. Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

QUINTO. Informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

SEXTO. Compromete o gasto correspondente, por contía global de 26.087,82 € (6 meses) con cargo ás aplicacións orzamentarias 323.13000 e 323.16000.

SÉTIMO. Constituír a seguinte lista de reserva, segundo o disposto na base 7º da convocatoria co candidato que obtivo a menor puntuación dos 4 aspirantes que superaron o concurso-oposición: JUAN CARLOS OTERO PROL.

OITAVO. Publicar o presente Decreto na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 64TTEPR7A6C6ZJXZA9PREG3E9 | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2